

**PLANTILLA DE RESPONSTAS CORRECTAS. AS RESALTADAS EN NEGRÍÑA.  
CONCELLO DE NEDA. EXAMEN TEST TÉCNICO DE TURISMO. 17/6/2021.**

1. O principio de igualdade dos españois ante a lei se recolle:
  - a) **No artigo 14 da Constitución Española**
  - b) No artigo 24 da Constitución Española
  - c) No artigo 103 da Constitución Española
  - d) No artigo 149 da Constitución Española
  
2. De acordo co artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade Autónoma é:
  - a) Unha competencia compartida entre o Estado e a Comunidade Autónoma
  - b) **Unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma**
  - c) Unha competencia delegada polo Estado na Comunidade Autónoma
  - d) Todas as respostas anteriores son correctas
  
3. Segundo a Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, teñen a obrigaón de relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas:
  - a) **As persoas xurídicas**
  - b) As persoas físicas
  - c) As persoas que teñan alcanzado a maioría de idade
  - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
  
4. De acordo coa Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se exclúen do cómputo de días hábiles:
  - a) Os sábados
  - b) Os domingos
  - c) Os festivos
  - d) **Todas as respostas anteriores son correctas**
  
5. Con carácter xeral, o silencio administrativo nos procedementos tramitados por un Concello opera:
  - a) Polo transcurso de seis meses
  - b) Polo transcurso de dous meses
  - c) Polo transcurso dun mes
  - d) **Polo transcurso de tres meses**

6. A obrigación de levar un Rexistro electrónico de documentos alcanza:
- a) **Á Administración Xeral do Estado, á Administración autonómica e á Administración Local**
  - b) Á Administración Xeral do Estado exclusivamente
  - c) Á Administración Autonómica exclusivamente
  - d) Á Administración Local exclusivamente
7. O prazo para notificar un acto administrativo dende a data en que se ditou será:
- a) Un mes
  - b) **Dez días**
  - c) Quince días
  - d) Vinte días
8. Quedan excluídos do ámbito de aplicación da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia:
- a) Os espectáculos públicos organizados polos Concellos
  - b) As actividades recreativas organizadas polas Deputacións Provinciais
  - c) Os espectáculos públicos que se realicen na vía pública
  - d) **Os actos e celebracións de carácter privado ou familiar**
9. O municipio exercerá en todo caso competencias propias en:
- a) **Abastecemento de auga potable a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais, así como información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.**
  - b) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, seguridade e defensa do territorio nacional.
  - c) Lexislación sobre tráfico e circulación vial, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.
  - d) Protección de salubridade e sanidade pública. Epidemioloxía.
10. Segundo dispón a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- a) **Correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de Galicia.**
  - b) Corresponde á Entidades Locais, xunto coa Comunidade Autónoma, a competencia compartida sobre o patrimonio cultural de Galicia.
  - c) Corresponde á Administración do Estado a competencia exclusiva sobre el patrimonio cultural de Galicia.
  - d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

11. As persoas físicas e xurídicas propietarias, posuidoras ou arrendatarias e os demais titulares de dereitos reais sobre bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigadas a permitirlle o acceso a ditos bens:

- a) **Ao persoal habilitado para a función inspectora e ao persoal investigador acreditado pola administración competente despois de que formulen unha solicitude motivada de investigación.**
- b) Unicamente ao persoal habilitado para a función inspectora.
- c) En ningún caso estarán obrigadas a permitir o acceso a eses bens.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

12. Para os efectos da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, enténdese por xeodestinos turísticos:

- a) As áreas ou espazos xeográficos que comparten unha homoxeneidade baseada en recursos económicos, patrimoniais e culturais que, con independencia de xerar fluxos turísticos, posúen unha identidade turística diferenciada.
- b) **As áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.**
- c) Na citada Lei non se fai referencia aos xeodestinos turísticos.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

13. Negarse a facilitar as follas de reclamacións no momento de ser solicitadas

- a) **É unha infracción administrativa de carácter leve.**
- b) É unha infracción administrativa de carácter grave.
- c) É unha infracción administrativa de carácter moi grave.
- d) É unha infracción administrativa de carácter leve, salvo se a reclamación se fundamenta na denegación de acceso ao local, que non terá a consideración de infracción administrativa.

14. Para que un territorio sexa declarado de preferente actuación turística, segundo a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, será preciso (art. 4)

- a) Que dispoña de recursos de interese turístico así avaliados en cada caso pola Administración autonómica.
- b) Que o planeamento urbanístico, de cada un dos territorios, de ser o caso, teña previsto o solo preciso para a dotación dos equipamentos turísticos necesarios para a execución das políticas turísticas que se formulen.
- c) **En todo caso, as respostas a) e b)**
- d) Ningunha es correcta.

15. Dos seguintes requisitos mínimos para que a Xunta de Galicia poida declarar municipios turísticos, segundo a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, sinale o que non proceda (art. 27)

- a) Que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños.
- b) Que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 50% do número de veciños.
- c) **Que o número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia sexa superior ao 25% do número de veciños.**
- d) Que acrediten contar, dentro do seu territorio, con algún recurso ou servizo turístico susceptible de producir unha atracción turística que xere unha cantidade de visitantes cinco veces superior á súa poboación, computada ao longo dun ano e repartida, cando menos, en máis de trinta días.

16. Na reforma da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia que entrou en vigor o 1-1-2020, foi incluído o art. 65 bis que ten por obxecto:

- a) Os apartamentos turísticos.
- b) As vivendas turísticas.
- c) **As vivendas de uso turístico.**
- d) Os campamentos de turismo.

17. Segundo o art. 103.2 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia:

- a) **As deficiencias e posibles infraccións en materia turística detectadas polas inspectoras e polos inspectores ou polo persoal funcionario doutros servizos da Xunta de Galicia ou das entidades locais seranlle comunicadas á consellaría competente en materia de turismo.**
- b) As deficiencias e posibles infraccións en materia turística detectadas polas inspectoras e polos inspectores ou polo persoal funcionario doutros servizos da Xunta de Galicia ou das entidades locais seranlle comunicadas á consellaría competente en materia de turismo e ao Concello afectado.
- c) As deficiencias e posibles infraccións en materia turística detectadas polas inspectoras e polos inspectores ou polo persoal funcionario doutros servizos da Xunta de Galicia ou das entidades locais seranlle comunicadas ao órgano competente do Concello.
- d) Ningunha é correcta

18. A delimitación dos camiños de Santiago:

- a) Será aprobada nos plans municipais.
- b) Non necesitan aprobación.
- c) Será aprobada mediante decreto da alcaldía de onde pase o camiño.
- d) **Será aprobada mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de patrimonio cultural.**

19. A sinalización dos camiños de Santiago:

- a) Terán carácter oficial e establecerá unha sinalización uniforme das rutas dos camiños de Santiago e farase unicamente en galego.
- b) Terá carácter oficial e farase en castelán sempre.
- c) **Terán carácter oficial e establecerá unha sinalización uniforme das rutas e camiños de Santiago. En caso de empregar varios idiomas o galego terá lugar preferente na orde de colocación.**
- d) Todas son correctas.

20. Son Concellos polos que discorre o Camiño Inglés, os seguintes, entre outros:

- a) Neda, Betanzos, Miño, Carral, Mañón, Oroso
- b) **Neda, Betanzos, Miño, Carral, Oroso**
- c) Neda, Betanzos, Carral, Cedeira, Oroso
- d) Neda, San Sadurniño, Betanzos, Miño,

21. Segundo o previsto no art. 2 do Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés, se ordena a inscrición do Camiño Inglés, coa categoría de territorio histórico, no Catálogo do:

- a) Patrimonio histórico de Galicia
- b) **Patrimonio cultural de Galicia**
- c) Patrimonio turístico de Galicia
- d) Patrimonio catalogado de Galicia

22. Cales son as parroquias de Neda polas que pasa o Camiño Inglés de Santiago?:

- a) **Santa María e San Nicolás**
- b) Santa María, San Nicolás e San Pedro
- c) San Nicolás e San Pedro
- d) Santa María e San Pedro

23. O Camiño Inglés, ao seu paso por Neda, discorre por:

- a) O Pazo da Mercé
- b) **A Torre do Reloxo**
- c) A Fervenza do Beelle
- d) Área recreativa da Cobeluda

24. A Casa do Concello de Neda atópase na parroquia de:

- a) Santa Rita
- b) Santa María**
- c) San Nicolás
- d) Santo André

25. Cal dos seguintes edificios de titularidade municipal é de pedra de carácter tradicional:

- a) A Casa das Palmeras**
- b) O Centro Cívico
- c) A Casa da Cultura
- d) O edificio de usos múltiples da Toeira

26. O albergue de peregrinos de Neda atópase:

- a) Na ribeira de San Nicolás
- b) En Xuvia**
- c) Na avenida de Alxeciras
- d) No Puntal

27. O Concello de Neda limita cos seguintes Concellos:

- a) Fene, Narón e A Capela
- b) Fene, A Capela, San Sadurniño, Narón e Valdoviño
- c) Fene, A Capela, Narón e San Sadurniño**
- d) Fene, Narón, Valdoviño e A Capela

28. Os principais recursos turísticos de Neda son :

- a) Fervenza do Belelle, Mirador de Ancos e Igrexa de Santa María.
- b) A Torre do Reloxo, Pazo de Isabel II, Igrexa de San Nicolás.
- c) Pazo da Mercé, Capela de San Antonio, Igrexa de San Pedro de Anca.
- d) Todas son correctas.**

29. A Festa máis destacada de Neda é :

- a) Corpus Cristi.
- b) Feira no Camiño.
- c) Festa do Pan.**
- d) Noite de Bolos

30. Os muíños máis coñecidos son:

- a) Muíño de Parrando – Muíño das Aceñas- e Muíño de Marraxón.
- b) **Muíño de Parrando- Muíño do Cubo- Muíño de Marraxón – Muíño de Moncho- Muíño de Alejandro – Muíño de Balbina.**
- c) A a) e a b) son correctas.
- d) Ningunha es correcta.

31. Na Ruta dos Muíños de Neda non discorre polo:

- a) Muíño do Cubo
- b) Muíño de Parrando
- c) **Muíño de Pedroso**
- d) Muíño de Bigotes

32. O Muíño de Alejandro o Carrizo está situado en :

- a) Balbís.
- b) Na Fervenza.
- c) Na ponte de Santa María.
- d) **Na Mourela baixa.**

33. A lenda de Aureana se sitúa en :

- a) Santa María
- b) A Fervenza
- c) **O monte de Ancos.**
- d) San Isidro

34. Como oferta de aloxamento en Neda podemos destacar:

- a) O pazo de Isabel II, Hotel Valcarce e o Pazo da Mercé.
- b) O pazo de Señoráns e o hostel Maragoto.
- c) O albergue do peregrino, o hostel Maragoto e o Muíño da Barcia
- d) **Ningunha é correcta.**

35. Como locais de restauración de Neda podemos contar con:

- a) Unicamente con dous establecementos.
- b) Restaurante Urimare, O'Lagar, Marcial.
- c) **Harina y Brasa, O'Lagar, o Pazo da Mercé.**
- d) Ningunha é correcta.

36. O Concello de Neda destaca principalmente:

- a) Pola súa industria de hostalería.
- b) Polas súas praias.
- c) **Pola súa industria de panadería.**
- d) A a) e a b) son correctas.

37. A tradicional Festa Gastronómica do Concello celébrase actualmente:

- a) No Parque de Albarón
- b) Na Ribeira de San Nicolás.
- c) Nos Subarreiros.
- d) **Ningunha das anteriores é correcta.**

38. As principais Festas Patronais do Concello de Neda son:

- a) San Nicolás e Santa Rita
- b) San Antonio de Casadelos e a Virxe do Carmen
- c) San Pelaio do Roxal e San Pedro de Anca
- d) **Santa María e San Nicolás**

39. A Festa do Pan celébrase:

- a) O primeiro sábado de setembro
- b) O derradeiro domingo de agosto
- c) O derradeiro domingo de setembro
- d) **Ningunha das anteriores é correcta**

40. A Oficina de Información Turística de Neda atópase:

- a) Na Casa do Concello
- b) **Na Casa da Cultura**
- c) Na Casa das Palmeiras
- d) No Centro Cívico



## RESERVAS

41. A oferta de aloxamentos do Concello de Neda atópase nunha das seguintes franxas:

- a) Entre 6 e 8
- b) Entre 2 e 5**
- c) Entre 5 e 7
- d) Entre 4 e 6

42. Cal dos seguintes eventos ou actividades non está relacionada coa Festa do Pan de Neda:

- a) Ruta dos Muñíos
- b) Noite de Bolos
- c) Feira no Camiño**
- d) Xantar popular

43. Sinala a opción correcta sobre os lugares que se atopan entre os principais atractivos turísticos da Comarca de Ferrol:

- a) A Fervenza do Beelle, O Castelo de Andrade e O Mosteiro de Santa Catalina.
- b) San André de Teixido, O Castelo de San Felipe e A Praia da Frouxeira.**
- c) O Muiño das Aceñas, O Castelo de Moeche e O Pazo de Meirás.
- d) A Praia de Bestarruza, O Castelo de Naraío e O Faro de Cabo Ortegá.

44. O prazo para ditar resolución o Recurso de Reposición será de:

- a) 1 mes**
- b) 2 meses para resolver e 10 días máis para notificar
- c) 3 meses
- d) 2 meses

45. Cal dos seguintes recursos administrativos é potestativo?

- a) O de alzada
- b) O de súplica
- c) O de revisión
- d) O de reposición**